

## NOTA SOBRE A “REVISIÓN ESTADÍSTICA 2019” NAS OPERACIÓNS DO SISTEMA DE CONTAS ECONÓMICAS DE GALICIA

O Instituto Galego de Estatística (IGE) publica en decembro de 2019 as primeiras operacións estatísticas na “Revisión Estatística 2019”. Este documento aclara as súas motivacións e efectos nas principais cifras macroeconómicas de Galicia.

A “Revisión Estatística 2019” (RE19) é unha *revisión extraordinaria regular* das contas económicas realizada por criterios estatísticos: incorporación de novas fontes de información, mellora nos procedementos internos de estimación e homoxeneización de criterios de estimación de determinadas variables. Non se introducen cambios metodolóxicos (o Sistema Europeo de Contas 2010 segue vixente) nin nas clasificacións estándar (as ramas de actividades seguen a definirse consonte á Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009).

A denominación de “revisión extraordinaria regular” provén do termo “*benchmark revision*” ou “*major regular revision*” acuñados pola oficina estatística da Comisión Europea (Eurostat)<sup>1</sup>. A RE19 na Unión Europea é unha revisión estatística coordinada, coa que Eurostat procura harmonizar os cambios de base contable nas contabilidades nacionais dos Estados Membros<sup>2</sup>, realizada simultaneamente coas estatísticas financeiras e de balanza de pagos que realiza o Banco Central Europeo.

A nova terminoloxía fai que xa non se fale de “cambios de base” porén a motivación é a mesma: as estatísticas de síntese deben recoller as melloras das fontes de datos así como as melloras nos procedementos de estimación dun xeito sistemático e coherente. Para recoller estes cambios sen afectar á homoxeneidade e á comparabilidade temporal dos datos deben introducirse nun momento de tempo determinado e revisar as series estatísticas.

A implantación da RE19 nas operacións estatísticas do sistema de contas económicas de Galicia comeza coa difusión do Marco Input-Output de Galicia 2016 e as Contas económicas anuais e trimestrais. Preséntanse series contables homoxéneas do período 1995-2018 que substitúen ás da anterior base contable (Base 2010) vixentes ata o momento. Coa implantación desta Revisión, Galicia cumpre coas recomendacións de Eurostat e garante a comparabilidade dos seus datos cos das economías da súa contorna. Os índices de volume encadeados que se presentan na RE19 teñen como referencia o ano 2015, seguindo os criterios adoptados por Eurostat e o Instituto Nacional de Estadística (INE).

Progresivamente difundiranse as restantes operacións do sistema de contas económicas do IGE: Matriz de Contabilidade Social, Contas do sector fogares, Renda dos fogares municipal e Produto interior bruto municipal, segundo a seguinte previsión de calendario:

---

<sup>1</sup> Véxase EUROSTAT (2019): “*Practical guidelines for revising ESA 2010 data*”. 2019 edition. No capítulo 4 e 5 define os tipos de revisión dos datos. Pode consultarse en

<https://ec.europa.eu/eurostat/documents/3859598/9530664/KS-GQ-18-012-EN-N.pdf>

<sup>2</sup> <https://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/pdfscache/81241.pdf>

<b>Operación estatística<sup>3</sup></b>	<b>Primeira data de publicación baixo a RE19</b>
3903-01-OE05 Marco Input Output	20 de decembro de 2019
3902-02-OE05 Contas económicas trimestrais	20 de decembro de 2019
3902-01-OE05 Contas económicas anuais	20 de decembro de 2019
3904-01-OE05 Matriz de contabilidade social	23 de decembro de 2019
3902-05-OE05 Contas do sector fogares	Marzo de 2020
3902-04-OE05 Renda municipal do sector fogares	Marzo de 2020
3902-03-OE05 Produto interior bruto municipal	Decembro de 2020

## **PRINCIPAIS CAMBIOS ESTADÍSTICOS**

Na elaboración das contas económicas e o marco input-output intégrase gran volume de información procedente de fontes de orixe e natureza diversa. Esta información sintetízase usando unha metodoloxía internacional, que axuda a transformar a información de base en información macroeconómica de síntese. Neste proceso as distintas fases están moi vinculadas entre si: as estimacións vía oferta, demanda e rendas condiciónanse entre si. As melloras neste proceso, xunto coas novas fontes de información e a adaptación destas á metodoloxía vixente, son as responsables dos cambios estatísticos introducidos pola “Revisión estatística 2019”.

Establecemos tres grupos de modificacións da información:

### **1. Integración de nova información estatística dispoñible.** As máis relevantes son:

- “Estadística estrutural de empresas” do Instituto Nacional de Estatística. Para o ano referencia 2015 o INE difundiu os primeiros resultados desta operación estatística que integrou as estatísticas estruturais a empresas do sector industrial, comercio e servizos do INE. Os cambios introducidos por esta nova fonte recóllense nas estimacións dos agregados económicos da RE19.
- Novas estatísticas de turismo: o INE realiza desde 2015 a “*Estadística de movementos turísticos en fronteira. Frontur*” e “*Encuesta de gasto turístico. Egatur*”. Ademais, elabora a nova “*Encuesta de turismo de residentes*”. Os cambios introducidos por estas fontes recóllense nas estimacións dos agregados económicos da RE19.
- Información tributaria: grazas ao acordo coa “Agencia Estatal de Administración Tributaria” (AEAT) o IGE recibe explotacións estatísticas de varios modelos tributarios, información de interese estatístico tanto para a realización das estimacións das magnitudes económicas da RE19 como para o contraste de resultados intermedios.

<sup>3</sup> Códigos das operacións estatísticas no Inventario de operación e actividades estatísticas na Comunidade autónoma de Galicia. Ver en:

[http://www.ige.eu/web/inventario\\_index.jsp?paxina=004005&idioma=gl](http://www.ige.eu/web/inventario_index.jsp?paxina=004005&idioma=gl)

- “Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro. Ano 2014”, realizada e difundida polo IGE. O obxectivo desta enquisa é obter unha estimación das variables económicas de empresas e Institucións sen fin de lucro comprendidas nas divisións da CNAE 90, 91, 93 e 94.
- “Enquisa a Entidades Prestadoras de Servizos Sociais” elaborada polo IGE. Esta enquisa tiña como obxectivo mellorar o coñecemento dun sector cunha importancia crecente en Galicia e realizouse para uso interno das contas económicas anuais e do marco input-output.
- “*Estructura de la industria de la construcción*”, responsabilidade do Ministerio de Fomento. O IGE dispón, previa petición ao ministerio, dos microdatos sen anonimizar desta enquisa.

O IGE tamén recolle na revisión estatística os cambios nas estatísticas de síntese nacional, en particular os cambios na Contabilidade Nacional de España do INE. As estimacións do IGE seguen, por norma xeral, un criterio ascendente, é dicir, obtéñense por agregación da actividade económica das unidades institucionais que operan na nosa economía (empresas, fogares, administracións públicas, etc.). Porén, en determinadas actividades nas que a información autonómica é feble, recorreremos ás estimacións da contabilidade nacional do INE para rexionalizar (é dicir, aplicamos un criterio descendente).

O INE difundiu a “Revisión Estadística 2019. Serie 1995-2018” no mes de setembro<sup>4</sup> de 2019. Aquelas ramas nas que o IGE utiliza un criterio descendente están afectadas polos cambios introducidos polo INE.

Ademais, a devandita revisión realizouse de forma coordinada a nivel estatal: o Banco de España revisou as contas financeiras e as estatísticas de balanza de pagamentos; a *Intervención General de la Administración del Estado* (IGAE) as estatísticas das contas das administracións públicas. O IGE utiliza información deste último organismo para a estimación da actividade da Administración Central en Galicia e para determinados impostos e subvencións. Os cambios realizados nas estimacións deste organismo están recollidos na Revisión Estadística 2019 do IGE.

2. **Mellora no proceso de elaboración das táboas que forman o Marco Input-Output de Galicia.** En cada revisión extraordinaria (antes cambio de base) o IGE elabora as táboas de orixe e destino e a matriz simétrica. Esta operación é fundamental xa que introduce unha dobre validación nos datos económicos: por ramas e por produtos. No caso da RE19 melloráronse varios procesos internos, dentro dos que cómpre destacar:

- A “Enquisa do Marco Input-Output de Galicia 2016”: deseñada para obter información detallada dos consumos intermedios das ramas de actividade industrial e de

---

<sup>4</sup> Ver nota de prensa en: [https://www.ine.es/prensa/cna\\_pa\\_2018.pdf](https://www.ine.es/prensa/cna_pa_2018.pdf)

determinadas ramas do sector servizos. Tamén se converteu na principal fonte para a estimación de exportacións ao resto de España<sup>5</sup> nos sectores enquisados.

- A “Enquisa sobre a poboación ocupada nos sectores da pesca e da acuicultura mariña en Galicia”, OCUPESCA, que elabora a Consellería do Mar, coa colaboración do IGE, consolidouse como unha fonte básica para o coñecemento do sector.
  - Mellora na elaboración das matrices de marxes comerciais e de transporte: elaboráronse para a transformación das valoracións de prezo básico a prezo de adquisición.
  - Asignación dos Servizos de intermediación financeira medidos indirectamente (SIFMI) por rama de actividade.
  - Estimación da matriz de formación bruta de capital por rama que realiza o investimento.
3. **Homoxeneización de criterios de estimación de determinadas variables.** Neste apartado cómpre destacar dous cambios especialmente relevantes na RE19 do IGE:

#### **A) Tratamento dos “Ingresos de carácter financeiro das sociedades holding”**

Entre o cambio de base contable 2010 e a revisión estatística 2019 modificáronse os modelos de perdas e ganancias que deben depositar as empresas no Rexistro mercantil. O principal cambio está na inclusión da variable “Ingresos de carácter financeiro das sociedades holding” dentro do apartado de “Importe neto de cifra de negocios”. Esta variable recolle aqueles dividendos ou outros ingresos financeiros obtidos do financiamento das sociedades participadas pola sociedade que declara o ingreso, sempre que a tenza das participacións en sociedade constitúa parte da actividade ordinaria da empresa.

Na estimación das variables do sistema de contas a partir das variables contables das empresas (sistema intermediario) inclúese o “Importe neto da cifra de negocios” na estimación da variable “Producción”. Ata as modificacións dos modelos de perdas e ganancias non era posible identificar de forma sistemática os ingresos financeiros que certas empresas xa viñan recollendo na súa cifra de negocios por actividade ordinaria, polo que estes ingresos estaban incluídos na produción.

As estimacións realizadas na RE19 exclúen do cálculo da produción estes ingresos. O IGE introduciu esta problemática no Grupo de Traballo<sup>6</sup> no que participa xunto ao Instituto Nacional de Estatística e outros institutos rexionais de estatística e adoptou o criterio de excluír do cálculo da produción estes ingresos. Este cambio ten implicacións cuantitativas

---

<sup>5</sup> A “Estadística estrutural de empresas” do INE xa non achega información das vendas noutras Comunidades autónomas das empresas enquisadas. Esta variable era relevante para a estimación das exportacións ao Resto de España tanto no Marco Input-Output como nas Contas económicas anuais.

<sup>6</sup> Grupo de Traballo “Análisis de métodos de estimación y fuentes estadísticas en la Contabilidad Regional de España y las Contabilidades de los Institutos de Estadística de las Comunidades Autónomas”, grupo creado polo Comité Interterritorial de Estadística (CITE) en outubro de 2018.

moi relevantes en ramas de actividade con presenza de empresas que son cabeceiras de grupos empresariais.

### **B) Estimación da produción dos servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios (aluguer imputado).**

O IGE uniformou na RE19 os métodos de estimación dos servizos de aluguer imputado utilizados nas operacións estatísticas “Renda municipal dos fogares”<sup>7</sup> e “Contas económicas anuais”. Na estimación da renda municipal realízase unha estimación desta produción de servizos a nivel municipal cun método de estratificación tal e como propón o SEC-2010<sup>8</sup>. Esta estimación utilizábase nesta operación para a distribución por concello do excedente de explotación do sector fogares. Porén, no que respecta á estimación dos agregados da rama de actividade “Actividades inmobiliarias”, non estaba dispoñible no anterior cambio de base contable (base 2010) e foi introducido nesta revisión.

Relacionado con esta rama de actividade, dispoñemos de nova información dos “Servizos de intermediación financeira medidos indirectamente” (SIFMI), que nesta rama son parte relevante dos consumos intermedios.

Como resultado destes cambios estatísticos introducimos unha revisión tanto na rama de actividade “Actividades inmobiliarias” (vía oferta) como na revisión no gasto en consumo final dos fogares (vía demanda).

## **CUANTIFICACIÓN DOS CAMBIOS NA EVOLUCIÓN DO PRODUTO INTERIOR BRUTO**

Como resultado dos cambios introducidos, o Produto Interior Bruto (PIB) modifícase un 1,8% de promedio (das variacións absolutas) no período 1995-2018. A revisión é á baixa no período 2011-2018, e á alza nos anos anteriores a 2011, excepto en 1995.

No que respecta á evolución do PIB en termos correntes revísanse as taxas de variación á baixa no período 2006-2013 e á alza nos anos previos a 2006. Nos anos 2014-2016 a revisión das taxas de variación non superan as dúas décimas, e a revisión de 2017 e 2018 son máis elevadas, porén, no caso de 2017 ademais da revisión estatística, débese ao proceso habitual de substituír fontes conxunturais por estruturais nos procedementos de estimación das contas económicas.

---

<sup>7</sup> Ver metodoloxía en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_Renda\\_municipal\\_b2010\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_Renda_municipal_b2010_gl.pdf)

<sup>8</sup> Ver Sistema Europeo de Cuentas (SEC-2010), 3.75 e seguintes.

Gráfico 1 Produto interior bruto. Galicia. Prezos correntes.






Gráfico 2 Produto interior bruto. Galicia.. Taxas de variación



## CUANTIFICACIÓN DOS CAMBIOS NO PRODUTO INTERIOR BRUTO DO ANO 2016

O ano 2016 é o período central da revisión estatística, xa que é aquel para o que se elaborou o Marco Input-Output de Galicia. O PIB do ano 2016 revísase un 2,4% á baixa. A continuación indicamos as principais achegas ao cambio desde as tres vías de cálculo do PIB (demanda, oferta e rendas) xunto coa explicación que motiva o cambio.

### Demanda:

- As exportacións contribúen en -2,5 puntos á revisión do PIB. A homoxeneización de criterios no que respecta á estimación da produción afecta á estimación da exportación. Na base 2010 parte da produción derivada dos “Ingresos financeiros das sociedades holding” tiña como destino as exportacións, polo que o cambio adoptado na RE19 afecta a esta variable. A información da “Enquisa do Marco Input-Output 2016” tamén condiciona a revisión desta variable.
- O gasto en consumo final contribúe de forma positiva. A revisión provén da homoxeneización dos criterios de estimación, en particular e fundamentalmente, da revisión dos servizos de aluguer imputado.
- A formación bruta de capital contribúe negativamente á revisión do PIB. A nova estimación da matriz de investimento por rama propietaria é a principal causa do cambio.

### Oferta:

Na desagregación “A10” as ramas que achegaron unha maior revisión á baixa do PIB son:

- *Comercio, transporte e hostalería*, cunha achega de dous puntos porcentuais negativos. A revisión do valor engadido neste grupo de ramas de actividade provén fundamentalmente da homoxeneización dos criterios de estimación, en particular, do tratamento dos “Ingresos de carácter financeiro das sociedades holding”.
- *Industria e enerxía*: tamén se revisou á baixa o valor xerado neste conxunto de ramas. A causa fundamental é a integración da nova información estatística dispoñible (en especial a nova “Estadística Estructural de Empresas: sector industrial” do INE).
- *Administración pública, educación, actividades sanitarias e de servizos sociais*: a revisión é á baixa e procede, en xeral, de nova información dispoñible.

Das revisións positivas do valor xerado por rama de actividade destacamos:

- *Actividades inmobiliarias*: revisión debida á homoxeneización de criterios de estimación de produción dos servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios.
- *Información e comunicacións*: cuxa revisión aséntase na integración de nova información estatística (neste caso a “Estadística Estructural de Empresas: sector servizos” do INE).

**Rendas:**

- Na estimación vía rendas destaca a contribución positiva da remuneración dos asalariados, é dicir, a RE19 introduce unha revisión á alza da remuneración ao factor traballo debida fundamentalmente á integración da nova información estatística dispoñible.
- A revisión do excedente de explotación bruto / renda mixta bruta é negativa. Esta partida estímase por saldo na conta de explotación por rama de actividade polo que é o resultado dos diferentes factores da revisión estatística, sen que predomine ningún sobre o resto.

<b>Compoñentes do Produto Interior Bruto</b>	<b>Achega á revisión total</b>	<b>Principal causa da revisión:</b>
<b>Demanda</b>		
Gasto en consumo final	1,5	Homenexización de criterios de estimación
Formación bruta de capital	-0,8	Mellora nos procesos
Exportacións de bens e servizos	-2,5	Homenexización de criterios de estimación / Integración de nova información estatística dispoñible
Importacións de bens e servizos	0,7	Homenexización de criterios de estimación / Integración de nova información estatística dispoñible
<b>Oferta</b>		
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	0,1	Integración de nova información estatística dispoñible
Industria e enerxía	-1,1	Integración de nova información estatística dispoñible
Construción	-0,1	Integración de nova información estatística dispoñible
Comercio; reparación de vehículos de motor e motocicletas; transporte e almacenamento; hostalería	-2,0	Homenexización de criterios de estimación
Información e comunicacións	0,5	Integración de nova información estatística dispoñible
Actividades financeiras e de seguros	-0,3	Integración de nova información estatística dispoñible
Actividades inmobiliarias	0,9	Homenexización de criterios de estimación
Actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares	0,2	Integración de nova información estatística dispoñible
Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria; educación; actividades sanitarias e de servizos sociais	-0,9	Integración de nova información estatística dispoñible
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento; reparación de artigos de uso doméstico e outros servizos	0,2	Integración de nova información estatística dispoñible
Impostos netos sobre os produtos	0,0	
<b>Rendas</b>		
Remuneración dos asalariados	0,1	Integración de nova información estatística dispoñible
Impostos netos sobre a produción e as importacións	-0,1	Mellora nos procesos
Excedente de explotación bruto / renda mixta bruta	-2,4	
<b>REVISIÓN TOTAL NO PIB</b>	<b>-2,4</b>	



---

**Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Información enquisas: 900 102 104

FAX: 981 541 323

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en Twitter: [http://twitter.com/#!/IGE Estatística](http://twitter.com/#!/IGE_Estatistica)

Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>